

CAMPAMENTO DE MUÍÑOS DE *HARRY POTTER*

Fixemos una ruta para atopar obxectos máxicos e destruír *Horrocrux*. Foi una actividade moi difícil pero entretida e divertida porque tiñas que orientarte nun mapa para encontrar os obxectos. A patrulla rinocerontes conseguiu 2 obxectos e 3 pistas e pasámolo en grande.

Tamén estivemos facendo wowos para as pañolas, utilizando paus gordos, navallas e serras. A min resultoume unha actividade algo complicada e non conseguín acabalo.

Fixemos 3 veladas nocturnas que foron moi divertidas. Na primeira velada do psiquiátrico houbo que curar aos tolos, facendo probas que nos indicaba un papel, foi moi simpática. Na segunda velada da poción *Félix Felicis* houbo que buscar papeis en forma de follas verdes ou brancas para fabricar a poción e metelas nunha pota. A nosa patrulla conseguiu case todas as follas. A última velada actuaron todas as patrullas e tamén manda. A nosa patrulla fixo un baile sobre o que sentíamos no momento no que o ensaiamos: fame, frío e sono.

Ademais na patrulla dos rinos dous dos membros fixeron a súa promesa: Brais e Hirut. Estaban nerviosos e emocionados. Tiñan moitas ganas de facela.

Unha actividade divertidísima foi a competición de nos que trataba de construír unha estrutura para a bolsa do lixo. Antes estivemos aprendendo a facer os nos.

O último día xogamos ó *qwidich*, con paus e pelotas, tratando de meter algunhas desas pelotas nuns aros que estaban no chan. Foi moi divertido. Unha vez fun buscadora, tiveren que correr moitísimo e acabei esgotada. Tamén había cazadores que se encargaban de meter algunhas de pelotas nos aros e golpeadores que se encargaban de brilar aos membros do equipo contrario para facer que volveran a súa portería.